

Normas para publicar en CUMIEIRA

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega é unha publicación do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que quere dar a coñecer traballos científicos de novos investigadores que versen sobre a lingua e a literatura galegas.

O traballos que se presenten para publicar deben estar redactados preferentemente en galego, e os temas que aborden estarán relacionados coa Filoloxía Galega, entendida nun senso amplo, ou cos estudos lingüísticos e literarios doutras linguas -en especial os estudos lusófonos-, sempre que resulten de interese para o galego.

O envío dos traballos orixinais farase por correo electrónico ó enderezo xsalgado@uvigo.es e conterà un arquivo en versión Word e outro en versión PDF; en caso de haber imaxes, estas deberán vir situadas no lugar que lles corresponda no texto e tamén nun arquivo á parte.

Unha vez recibidos os traballos orixinais, estes serán sometidos por unha comisión científica a un proceso de revisión que dictaminará se son aptos para publicar ou se precisan facer modificacións.

O contido final dos textos publicados serán responsabilidade de cada autor.

Os textos orixinais que se presenten deben ter en conta as seguintes indicacións en canto a tamaños, formatos, citas, bibliografía e outras cuestións:

- O texto virá redactado en formato Word en letra Times redonda tamaño 12 e non debe superar as 10.000 palabras.
- Conterà un título en galego e a súa versión ó inglés; en liña á parte figurará a súa autoría e a institución á que pertence; e noutra liña, un enderezo electrónico de contacto. Todo en letra Times 12 negra
- Presentará tamén un “Resumo” redactado en galego dunhas 175 palabras, que describa os obxectivos e contidos do artigo, e tamén a correspondente versión en inglés dese “Abstract”. Despois do resumo e o abstract incluíranse catro “Palabras chave” que identifiquen o contido. Todo estará en letra Times 10 redonda.
- O/a autor/a pode facer agradecementos nunha nota a pé de páxina, que se incluírá na palabra final do título.
- O traballo artellarase en apartados, en non máis de tres niveis: o título do primeiro nivel en Times negra; o segundo nivel en Times negra-cursiva, e o terceiro nivel en cursiva; todo en tamaño de corpo 12:

1. Apartado

1.2. Subapartado

1.2.1. Subapartado

- O corpo de texto expositivo será en letra Times 12, e o interliñado simple.
- Nas citas textuais a outros autores, de seren menos de 3 liñas, incluíranse dentro do texto expositivo encerrados en aspas (""); se son máis de tres liñas, ira en texto aparte, en Times 10 redonda, cunha sangría de 3 cm pola esquerda.
- O texto das citas a pé de páxina deben ir en letra Times 10 redonda.
- O sistema interno de citas será o que emprega o apelido ou apelidos do autor/a, ano, dous puntos, espazo e páxinas, coma nestes exemplos, (Castro Veiga 2000: 23) ou Castro Veiga (2000: 23), segundo corresponda.
- No final do artigo incluíranse só as "Referencias bibliográficas" citadas ó longo do texto expositivo, cun sangrado á francesa, seguindo este procedemento:

Libro:

Álvarez, Rosario / Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Publicación on line:

TILG = Santamarina, Antón (dir.) (1986): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG)*. Santiago: Universidade. Dispoñible en <http://www.ti.usc.es/tilg/>. [Consulta do 12/06/2013]

Capítulo de libro:

Álvarez Blanco, Rosario (2000): «O redobro de A + FN en galego moderno», en R. Vieira de Castro / P. Barbosa (orgs.), *Actas do XV Encontro nacional da Associação Portuguesa de Linguística*, vol. 1. Braga: Associação Portuguesa de Linguística, 75-93.

Fernández Salgado, Benigno / Henrique Monteagudo (1995): «Do galego literario ó galego común, o proceso de estandarización na época contemporánea», en H. Monteagudo (ed.), *Estudios de sociolingüística galega sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, 99-176.

Varela Barreiro, X. (1997): «A existencia de dúas expresións clíticas de segunda persoa singular en galego», en B. Fernández Salgado (ed.), *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos (Universidade de Oxford, 26-28 setembro 1994)*, vol. 1. Oxford / Sada: Centro de Estudos Galegos / Edicións do Castro, 319-342.

Artigo de revista:

Pita Rubido, M^a Luísa (2006): «Algunhas consideracións sobre os dativos non argumentais», *Revista Galega de Filoloxía* 7, 143-165.

Sánchez Ferraces, Xosé Luís (2008): «Vicente Risco e a modernidade.
Lectura e análise de tres relatos». *Madrygal* 11, 91-100.